

EXP. 761/2023

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 05/12/2023 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.10. Solicitude de subvención da Escudería Ourense para o Rallie de Ourense 2023 (Exp. 761/2023)

Dáse conta da instancia presentada por Alejandro Fraga Paradela, en nome e representación da Escudería Ourense, con CIF G32027344, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a organización do 56 rallie de Ourense, que tivo lugar os días 16 e 17 de xuño deste ano.

Nas bases de execución (base 24^a, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2023 consta unha axuda con carácter nominativo para a Escudería Ourense, con CIF G32027344, polo importe máximo de 4.500,00 €, para a organización do rallie de Ourense.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023, ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle a Escudería Ourense, con CIF G32027344, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 4.500,00 €, cantidade recollida na base 24^a das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2023, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos de organización e realización do 56 rallie de Ourense no ano 2023. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 22/12/2023 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

✓ *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na*





- concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.*
 - ✓ *Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
 - ✓ *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
 - ✓ *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentaranse as correspondentes certificacións dos ditos organismos.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde en Toén na data da sinatura electrónica.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

